

# **PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO**

## ***Palabras que trae o mar***

**Curso 2017 - 2018**



**C.E.I.P. Alfonso D. Rodríguez Castelao  
(Navia - Vigo)**

# 1. INTRODUCIÓN

Este curso, a cidade de Vigo recibiu unha visita moi especial: durante cinco meses tivo o orgullo de custodiar o Pergamiño Vindel, o documento medieval onde se conservan as cantigas musicadas do noso poeta local máis antigo: Martín Códax.

Ninguén pode amar o que non coñece, e ningún grupo humano pode sentirse unido se non valora os alicerces sobre os que se fundamenta a propia identidade. Xa que a nosa cidade, durante décadas, viviu acomplexada a causa da negación dun papel significativo na historia, a visita do Pergamiño supuxo un hálito de orgullo e un estímulo para traballar un **Proxecto Documental Integrado** que titulamos **Palabras que trae o mar**.

Quixemos que este fora un **proxecto da Comunidade educativa**. Por iso participou nel a totalidade do alumnado e profesorado do centro. As familias tiveron tamén o seu espazo, con actividades especialmente deseñadas para elas.

Asimesmo, os **diferentes niveis, equipos** (EDNL, Actividades Extraescolares, TIC) **e departamentos** (Lingua Inglesa, Educación Musical) contribuíron ó proxecto con distintas propostas e coa planificación de diversos contidos curriculares vencellados ó mesmo, según detallaremos no punto 2 desta memoria.

Como **obxectivos** do PDI establecéronse os seguintes:

1. Mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.
2. Potenciar o tratamento e o uso da información.
3. Pór en valor a nosa riqueza patrimonial.
4. Fomentar a colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa.

E sinaláronse as seguintes **líñas de actuación** para acadalos:

- Ler
- Escribir
- Xogar
- Pensar
- Crear
- Investigar
- Informarse
- Compartir

Con estes obxectivos e liñas de actuación, o PDI permitiuños traballar as seguintes **competencias clave**:

1. **Competencia lingüística:** lectura e escritura de textos de distinta tipoloxía; fomento da lingua oral; comunicación audiovisual.
2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** estudio do efecto da lúa nas mareas; funcionamento de distintos inventos procedentes da Idade Media.
3. **Competencia dixital:** a Internet como fonte de información; manexo de aplicacións para a difusión de tarefas.
4. **Aprender a aprender:** busca, transformación e comunicación da información.
5. **Competencias sociais e cívicas:** coñecemento da época medieval, colaboración para o traballo en grupo; respecto ós dereitos humanos, civís e relixiosos.
6. **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** autonomía e esforzo á hora de abordar as diversas tarefas; desenvolvemento do espírito crítico e da responsabilidade.
7. **Conciencia e expresións culturais:** acceso a distintas manifestacións culturais propias da Idade Media; concienciación acerca da conservación do patrimonio; participación en obras artísticas colectivas.

O PDI desenvolveuse **ó longo de todo o curso 2017 - 2018**, tal e como se detalla no punto 3 desta memoria.

## 2. OBXECTO E TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O punto de partida de *Palabras que trae o mar* foi o **Pergamiño Vindel**. Sen embargo, este documento abriuños un amplio abano de posibilidades que nos permitiu obter unha **visión moi ampla da Idade Media**.

Así, os diferentes grupos e departamentos centráronse nestes **aspectos**:

- Educación Infantil 3 anos: Os vikingos
- Educación Infantil 4 anos: Os instrumentos medievais
- Educación Infantil 5 anos: A vida na Idade Media
- 1º curso de Primaria: A Illa de San Simón
- 2º curso de Primaria: A lúa e as mareas
- 3º curso de Primaria: Os inventos da Idade Media
- 4º curso de Primaria: O Camiño de Santiago
- 5º curso de Primaria: O xadrez

- 6º curso de Primaria: E irei, madre a Vigo. O Pergamiño Vindel
- Sección bilingüe de Plástica (6º curso de Primaria): A Morgan Library
- Departamento de Inglés (3º, 4º e 5º de Primaria): The Vindel Parchment
- Aula de Música: interpretación de melodías medievais
- Aula de Música - TIC (6º curso de Primaria): A música medieval

De xeito transversal, estas temáticas de investigación complementáronse con actividades puntuais que vencellamos coas distintas celebracións anuais.

### **3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**

Á vista do traballo desenvolvido ó longo do curso, poderíamos dicir que *Palabras que trae o material* **tres fases**:

#### **3.1. Motivación (Primeiro Trimestre)**

Data	Actividade	Destinatarios	Finalidade
Finais de setembro	Actividades motivacionais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">Xa chega.</a></li> <li>• <a href="#">xa chega</a></li> <li>• <a href="#">Chegou!</a></li> <li>• <a href="#">Quen cres que chegou?</a></li> </ul>	Alumnado do centro	Crear expectación ante a presentación inminente do novo PDI, dun xeito lúdico, participativo e divertido
Outubro	Vídeo: <a href="#">Presentación do Plan Anual de Lectura</a>	Profesorado Familia	Dar a coñecer os obxectivos e finalidades do PDI
31 de outubro: Samaín	<a href="#">Exposición de cabazas inspiradas no PDI</a>	Familias	Dar a coñecer o tema do PDI  Fomentar a creatividade e a participación das familias

24 de outubro	<a href="#"><u>Día das Bibliotecas Escolares</u></a>	Profesorado Alumnado de 5 anos e Primaria	Descubrimento do título do PDI, dun xeito lúdico e motivador  Asignación dunha cantiga a cada aula
Novembro	<a href="#"><u>Creamos o mural do PDI</u></a>	Alumnado de 5 anos e Primaria	Fomentar a creatividade e o traballo en equipo  Dar a coñecer o título do noso PDI  Achegarnos ás Cantigas de amigo a través do primeiro verso de cada unha delas
Novembro	<a href="#"><u>Visita ó Pergamiño Vindel</u></a>	Alumnado de 5 anos e Primaria  Profesorado	Coñecer o Pergamiño Vindel e as manifestacións culturais da época medieval
Novembro	<a href="#"><u>Catálogo de visitantes</u></a>	Profesorado  Familias	Estimular a visita á exposición por parte de toda a Comunidade Educativa
25 de novembro: Día Internacional contra o Maltrato	<a href="#"><u>Xuizo a Don Juan Manuel e ó Conde Lucanor</u></a>	Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria	Ler obras narrativas (en castelán) coetáneas das Cantigas de Martín Códax  Empregar o sentido crítico para descubrir no texto accións que atentan contra a dignidade e a liberdade da muller  Reescribir o texto empregando unha perspectiva de xénero
Decembro	<a href="#"><u>Coñece Vigo con Martín Códax</u></a>	Familias	Recoñecer a pegada que Martín Códax e as Cantigas de amigo teñen en diferentes enclaves e monumentos da cidade

Decembro	<a href="#"><u>Creación dun audiovisual sobre as Cantigas de amigo</u></a>	Alumnado de 5 anos e Primaria Familias	Crear unha película de animación empregando sinxelas aplicacións  Fomentar a lectura expresiva  Coñecer as Cantigas de amigo e a súa particular estrutura  Afondar na liña argumental das Cantigas de amigo
----------	--	---	---

### 3.2. Traballo coa información (Segundo e Terceiro Trimestres)

Durante esta segunda fase, cada grupo de alumnos investigou sobre o seu tema de estudio, aproveitando distintas fontes documentais, como se detallará no punto 6. Ademais, aproveitáronse distintas **celebracións para continuar afondando no tema do PDI:**

Data	Actividade	Destinatarios	Finalidade
30 de xaneiro: Día da Paz	<a href="#"><u>O club</u></a>	4º, 5º e 6º de Primaria	Comparar a convivencia entre xudeos, cristiáns e musulmáns no Toledo da Idade Media e no Xerusalén da actualidade
Marzo	<a href="#"><u>Semana da Prensa</u></a>	Primaria	Analizar a tipoloxía de diversas novas aparecidas na prensa local referidas ó Pergamiño Vindel  Identificar a estrutura dun artigo correspondente a unha determinada sección da prensa  Elaborar (cada aula) un artigo dunha determinada sección para a publicación titulada O Vindel do Castelao

8 de marzo: Día da Muller Traballadora	<a href="#">Descubrindo a Leonor de Aquitania</a>	Todo o alumnado	Recoñecer a importancia desta muller na cultura da Idade Media  Elaborar unha biografía de Leonor de Aquitania empregando diferentes medios audiovisuais
23 de abril: Día do Libro	<a href="#">As Cantigas de Amigo en pictogramas</a>	Alumnado de 4º de Primaria	Mecanografiar as Cantigas de Amigo con pictogramas, empregando o programa Arasaac
16 de maio: Día das Letras Galegas	<a href="#">Revista As nosas cousas</a>	Todo o alumnado	Cada aula elaborou un artigo sobre o tema de investigación correspondente

### 3.3. Difusión do aprendido (meses de maio e xuño)

Os **resultados das investigacións**, segundo o nivel, plasmáronse **en distintos formatos**: mapas mentais, murais, kamishibai, texto manuscrito, texto dixital... Con todos estes materiais organizouse unha **exposición** nos vestíbulos de ambos os dous edificios, para que poidera ser visitada polas familias.

Sen embargo, o máis enriquecedor foi o intercambio de coñecementos que se produxo no mes de xuño entre as distintas aulas, grazas as **exposicións orais dos temas investigados**.

## 4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA

### 4.1. Para o profesorado:

- Vídeo - Presentación: [Plan Anual de Lectura](#)
- Post - Titorial: [A entrevista](#)
- Post - Titorial: [Aprender a investigar:](#)
  - Investigando nos documentos impresos
  - Como elaborar un traballo escrito
  - Aprendendo a empregar imaxes
  - Preparando a nosa exposición oral
- Proposta de traballo sobre Leonor de Aquitania para o Día da Muller Traballadora:
  - [Proposta para Educación infantil](#)
  - [Proposta para 1º, 2º e 3º de Primaria](#)
  - [Proposta para 4º, 5º e 6º de Primaria](#)

## 4.2. Para o alumnado:

- Deseño da actividade e materiais necesarios para desenvolver o [Día das Bibliotecas Escolares](#)
  - [Carta da Maga Tomasa](#)
  - [Mensaxe de audio da Maga Tomasa](#)
  - [Mensaxe de audio 2 da Maga Tomasa](#)
  - [Pasaporte de aula](#)
- Recitando as Cantigas: [Lectura adaptada con imaxes para 1º de Primaria](#)
- Deseño da actividade e materiais necesarios para desenvolver o Día Internacional contra o Maltrato  
[Materiais de traballo para o alumnado de 3º e 4º](#)
  - [Materiais de traballo para o alumnado de 5º e 6º](#)
- Post: [Cun ollo no presente e outro no pasado](#) (Día da Paz: 4º, 5º e 6º de Primaria)
- Materiais para o Día da Muller Traballadora:
  - [Puzzle de Leonor de Aquitania](#)
- Post: [As Danzas da morte medievais \(Camille Saint - Saëns e a Danza Macabra\)](#): Aula de Educación Musical - 5º curso de Primaria
- Post: [Eno sagrado en Vigo](#) - Aula de Educación Musical - 6º curso de Primaria
- Post: [Os instrumentos da Idade Media](#) - Aula de Educación Musical - TIC - 6º curso de Primaria
- Post: [A escritura musical, unha invención medieval](#). Aula de Educación Musical - 3º curso de Primaria
- Post: [Aprendendo a citar imaxes](#). TIC - 6º de Primaria
- Post: [Aprendendo a citar documentos electrónicos](#). TIC - 6º de Primaria

## 5. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

- [Reescribindo os contos do Conde Lucanor](#)
- [Decoración de ventanas \(Educación Infantil 5 anos\)](#)
- [Analizando o Pergamiño Vindel \(Educación Infantil 5 anos\)](#)
- [Entrevista a Alejo Amoedo \(4º curso de Primaria\)](#)
- Mural: [Leonor de Aquitania \(Educación Infantil\)](#)
- [Biografía de Leonor de Aquitania \(1º curso de Primaria\)](#)
- [O que sabemos de Leonor de Aquitania \(2º curso de Primaria\)](#)
- [Doce motivos polos que nos gusta Leonor de Aquitania \(3º curso de Primaria\)](#)
- [Biografía de Leonor de Aquitania \(4º curso de Primaria\)](#)
- Vídeo: [As Cantigas de Amigo \(Concurso Vindevídeos\)](#)
- [Maquetamos unha entrevista \(4º de Primaria - TIC\)](#)
- Mural: [O Vindel no Faro de Vigo](#)
- [Creamos nubes de palabras a partir das Cantigas de amigo \(4º curso de Primaria - TIC\)](#)
- [As Cantigas de Martín Códax, en pictos \(4º de Primaria - TIC\)](#)
- [O Vindel do Castelao](#)
- [Os vikingos: Exposición oral \(Educación Infantil 3 anos\)](#)
- [Instrumentos musicais medievais: Traballo escrito \(Educación Infantil 4 anos\)](#)
- [O tiro con arco na Idade Media: Exposición oral \(Educación Infantil 5 anos\)](#)
- [A Illa de San Simón: Traballo escrito e Exposición oral \(1º curso de Primaria\)](#)
- [Alúa e as mareas: Traballo escrito e Exposición oral \(2º curso de Primaria\)](#)
- [Os inventos da Idade Media: Exposición oral \(3º curso de Primaria\)](#)
- [O Camiño de Santiago: Exposición oral \(4º curso de Primaria\)](#)
- [O xadrez: Invitación - Traballo escrito - Exposición oral \(5º curso de Primaria\)](#)
- [E irei, madre, a Vigo: Representación \(6º curso de Primaria\)](#)
- [Os instrumentos medievais: Traballo escrito \(Aula de Educación Musical - TIC - 6º curso de Primaria\)](#)
- [Interpretamos a Cantiga de Santa María nº 100 \(Aula de Educación Musical - 5º curso de Primaria\)](#)
- [Interpretamos Ondas do mar de Vigo \(Aula de Educación Musical - 6º curso de Primaria\)](#)
- Conto musical: [A verdadeira historia de Martín Códax \(Aula de Educación Musical - 2º curso de Primaria\)](#)
- [Revista Escolar “As nosas cousas - 14”: artigos das diversas aulas sobre o PDI](#)
- [Exposición Fin de Proxecto](#)

## 6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

### 6.1. Recursos persoais:

- [Charlas - concerto](#) na aula de Educación Infantil 4 anos
- Familias participantes en la actividad [Alfin en familia](#) (Educación Infantil 5 anos)
- Entrevistas:
  - A [Alejo Amoedo](#) (4º curso de Primaria)
  - Á [profe Pilar](#) (4º curso de Primaria)

### 6.2. Visitas e saídas:

- [Visita ó Museo do Mar de Galicia](#) para coñecer o Pergamiño Vindel
- Concierto didáctico: [As cantigas do Pergameo Vindel](#) (alumnado de 5º e 6º de Primaria)

### 6.3. Fontes consultadas:

- Folleto da exposición: [Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas](#)
- [Bibliografía](#) seleccionada na Biblioteca Escolar
- [Webgrafia](#) seleccionada para estudiar os Instrumentos Medievais (Aula de Educación Musical)
- [Webgrafia](#) seleccionada para estudiar o Camiño de Santiago (4º curso de Primaria)

## 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da Comunidade Educativa pode calificarse de excepcional:

- O **Equipo Directivo** apoiou cada unha das propostas que formulamos ó longo do curso.
- **Todo o alumnado**, co seu profesorado titor á fronte, participou nas diversas actividades e investigou sobre o tema elixido.
- Os diversos **Equipos e Departamentos** (EDNL, TIC, Lingua Inglesa, Música) colaboraron co proxecto, e incorporaron contidos relacionados co mesmo nas súas programacións.
- A **ANPA** apoiou de xeito entusiasta o proxecto, brindándonos a súa colaboración sempre que se requiriou.
- As **familias** tiveron unha participación variada e intensa:

- Investigando cos seus fillos e acudindo á escola para contar ós compañeiros o que tiñan aprendido.
- Participando nas diversas propostas para as familias: Exposición de Cabazas do Samaín; Concurso Vindevídeos; Catálogo de visitantes; Coñece Vigo con Martín Códax.
- Confeccionando os disfraces para o Entroido.
- Participando como público nas distintas celebracións vencelladas co proxecto: Entroido, Letras Galegas.
- Acudindo á Exposición de traballos.

Queremos tamén salientar a relación cos centros educativos limítrofes, cos que mantemos unha estreita colaboración dende hai anos. De xeito especial, con **Aleto e APAMP** (institucións adicadas ó dano cerebral), ós que quixemos facer partícipes do noso PDI agasallándolles coas *Cantigas de amigo* traducidas a pictogramas polo alumnado do centro.

## 8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

### 8.1. Blogs e páxinas web

O **blog da Biblioteca** ([Biblioteca da Maga Tomasa](#)) constitúiu a principal canle de difusión das actividades relacionadas co PDI.

A este habería que engadirlle **outros lugares dixitais** que foron recollendo os distintos eventos e as actividades dos diversos grupos o departamentos:

- A [páxina web](#) do centro
- O blog de 1º e 2º de Primaria: [Tol@s por aprender](#)
- O blog da aula de 4º de Primaria: [MaiTAC](#)
- O blog do EDNL: [Dinamiza e Normaliza Castelao](#)
- O blog da aula de Educación Musical: [Más cousas de Avelino](#)

Finalmente, creouse un **espazo web** para albergar toda a información xerada polo PDI:

<https://sites.google.com/view/palabras-que-trae-o-mar/p%C3%A1gina-principal>

### 8.2. Revista escolar As nossas cousas

Cada curso, a revista inclúe un monográfico adicado á contribución de cada grupo - aula ó proxecto.

O [número 14](#) céntrase no PDI *Palabras que trae o mar*.

## 8.3. Redes sociais

Co ánimo de facilitar a difusión dos nosos traballos e propostas, temos creado un perfil de [Facebook](#) e outro de [Twitter](#).

## 8.4. Exposición de fin de curso

Rematados os temas de investigación, organizamos unha [exposición](#) dos traballos realizados nos vestíbulos de ambos os dous edificios.

## 9. AVALIACIÓN

Rematado o PDI, o nivel de satisfacción é moi elevado, pola cantidade de competencias traballadas, pola variedade de contidos tratados e pola implicación da comunidade educativa máis aló das paredes do noso centro.


Por outra banda, o Equipo de Biblioteca realizou unha [enquisa](#) final de curso **ós tres grupos da comunidade educativa** (alumnado, profesorado, familias) na que se medía o nivel de satisfacción respecto a temas vincellados co PDI.

As **opinións do profesorado** foron:




### A miña opinión sobre os Proxectos documentais é

12 respuestas





### Documentación (libros, enlaces, artigos de prensa...) facilitada polo Equipo de Biblioteca para o Proxecto

11 respuestas



O **alumnado** de 4º, 5º e 6º de Primaria opinou:



Por último, estas son as respostas recibidas das **familias**:

### Gustaríanos saber a túa opinión sobre o proxecto deste curso

6 respuestas

Creo que aprendieron mucho, non sólo de pergamillo, serán muitos temas más

Moi interesante

Gustoúme moito

Interesante

É un proxecto interesante para que os rapaces coñezan unha parte da cultura galega, como son as canticas, o seu autor e o valor que ten o pergaminho vinal, así como a importancia do paisaxe galego, e as costumes galegas.

A no sa familia encantouelle a idea de coñece vigo

## 10. FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROCESO

Ó longo deste proceso, a Biblioteca Escolar ten desenvolvido o papel de:

- dinamizadora do PDI;
- animadora das tarefas dos diferentes equipos docentes;
- facilitadora de materiais e recursos;
- difusora das actividades e tarefas desenvolvidas.